

17 DE MAIO DE 2020

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

RICARDO CARBALLO (CARVALHO) CALERO

Estimado alumnado do IES Plurilingüe Castro da Uz:

Antes de nada, desde o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, desde o Club de Lectura Argalleiros e Argalleiras das Letras e desde o Departamento de Lingua Galega e Literatura queremos **agradecervos a ampla participación nesta proposta nosa**. Son uns traballos magníficos, que vos fixeron saír da vosa zona comfortable para demostrarnos unha fantástica creatividade.

Todas as actividades presenciais que tiñamos previstas para conmemorar ese día víronse adiadas ou suprimidas e, cavilando a maneira de celebrar esa efeméride e a das Letras Galegas en xeral, ocorréusenos unha argallada relacionada coas TIC, esas tecnoloxías da información que estamos a descubrir e das que temos que botar man para o desenvolvemento do noso labor como docentes e das que estamos aprendendo moito coa vosa axuda inestimable.

A **argallada**, como vistes, consistiu nun **Booktrailer** sobre un libro de lectura, do que estabades a ler ou dun que tivésedes a man. E claro... que era iso do *booktrailer*? Pois un vídeo con música, imaxes, texto e, por veces, mesmo actores que lles dan aos futuros lectores unha idea do que é un libro, co obxectivo de animalos á súa lectura.

*Pretendíamos desta maneira, tamén, que **reflexionásedes** sobre as lecturas e que ao tempo **sintetizarades** os argumentos para intentar **reflexionar visualmente** unha historia e animar á súa lectura.*

Estamos seguras de que **Ricardo Carballo Calero** se sentiría **orgulloso** do voso traballo xa que el tamén se dedicou á docencia e durante uns anos dirixiu o Colexio Fingoi de Lugo, que constituíu un viveiro de innovación educativa no medio do escurantista panorama do franquismo.

Da súa vida podemos dicir que mantivo contacto co **galeguismo** artellado arredor do Seminario de Estudos Galegos (alumnado de 4º ESO, lembrades?), que cultivou unha estreita relación con Vicente Risco, Castelalo, Ramón Otero Pedrayo e outros mestres da Xeración Nós e que nesta etapa tamén redactou un manifesto sobre a **galeguización da universidade** e participou **na fundación do Partido Galeguista** e no proceso de **redacción do Estatuto de Autonomía para Galicia** (4º ESO, seguides lembrando ou xa non?).

O noso autor homenaxeado colabora coa **Editorial Galaxia** e participa na **primeira edición da Colección Grial** da que é membro do consello de redacción e constante colaborador da revista *Grial* desde a súa saída en 1963 ata 1989, pouco antes do seu pasamento.

Foi **membro da Real Academia Galega** (si, esa que sacou un dicionario en liña e que vos obrigamos a consultar cando non sabedes o significado dunha palabra) e, máis adiante sería un dos redactores das **primeiras normas ortográficas e morfolóxicas** aprobadas por esta institución (1970-71).

En 1965 incorpórase á docencia da Universidade de Santiago de Compostela, da que foi o **primeiro docente das materias de Lingua e Literatura Galegas**, que se acababan de introducir como optativas nos programas universitarios; e en 1972 convértese no primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galegas.

Durante as últimas décadas da súa vida mantén unha intensa actividade como articulista e colaborador en prensa, residindo de xeito permanente en Santiago de Compostela, onde faleceu en 1990. O seu labor foi recoñecido nestes anos dentro e fóra de Galicia. En 1981 foi **nomeado membro da Academia das Ciencias de Lisboa** e en 1984 recibiu a **Medalla Castelao**.

A súa obra de creación literaria suma uns vinte libros. Como **narrador** publicou *A xente da Barreira* (1951) que é a primeira novela en galego da posguerra, cunha historia centrada nunha saga fidalga do rural; *Scórpio* (1987), na que retrata a xeración dos vencidos na Guerra Civil e considerada en certos aspectos autobiográfica e relatos curtos. Tamén cultivou a **poesía**, con títulos como *Vieiros* (1931), *O silencio axionllado* (1934), *Anxo de terra* (1950), *Poemas pendurados dun cabelo* (1952), *Salterio de Fingoy* (1961), o volume antolóxico *Pretérito imperfecto* (1980), *Cantigas de amigo e outros poemas* (1986) ou *Reticências* (1990). Como **dramaturgo** escribiu: *A sombra de Orfeo*, *Farsa das zocas*, *A arbre*, *Auto do prisioneiro* (1971), *Teatro completo* (1982).

Carballo Calero é ademais autor da **Gramática elemental del gallego común** (Galaxia, 1966), manual de referencia para as primeiras xeracións de estudantes de lingua galega e que atinxiu unha gran difusión, ata chegar ás sete edicións. A de 1979, a derradeira, ten cambios importantes na ortografía e en escollas léxicas e, sobre todo, morfolóxicas a raíz do cambio na concepción de Carballo sobre o que debería ser o galego culto, xa que desde mediados da década dos 70 pasou a defender a adopción dunha ortografía próxima á portuguesa para o galego e a aceptación do portugués como referencia fundamental do galego estándar. A partir desas datas empeza a asinar como Ricardo Carvalho Calero. Os seus traballos lingüísticos e a exposición e propostas de orientación reintegracionista foron recollidos en volumes como *Problemas da Língua Galega* (Lisboa, 1981), *Da fala e da escrita* (1983) e *Do galego e da Galiza* (1990).

Resumindo e xa para finalizar direivos que este ano ao señor Carballo Calero lle saíu unha forte competencia.

Noraboa e moitas grazas!